NOME: DAVID COTA MASCUÑANA **DNI:** 46????17K

ACTIVIDADE PÚBLICA PRINCIPAL: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, XEFE DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN DE DOMINIO PÚBLICO, LABORAL, NA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL "PORTOS DE GALICIA", EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), ADSCRITA Á CONSELLERÍA DO MAR

ACTIVIDADE PÚBLICA SECUNDARIA: PROFESOR ASOCIADO, P4, NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CAMPUS DE LUGO), NO CURSO ACADÉMICO 2026-2027

Visto o expediente instruído como consecuencia da solicitude de autorización de compatibilidade formulada entre as actividades enriba expresadas, tramitado de conformidade co artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e de acordo cos informes favorables da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela.

De acordo co certificado do horario da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, no que se especifica o horario de *"flexibilidade horaria automática, cun horario fixo de presenza no posto de traballo, de 09:00 a 14:30 horas, de luns a venres, e cun horario flexible..."*. Polo tanto, tendo en conta que as clases e titorías na Universidade de Santiago de Compostela, campus de Lugo, comezan ás 16 horas, e que a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia informa favorablemente a

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TpNTdm3Dz4l4 https://sede.xunta.gal/cve

compatibilidade, durante o vindeiro curso 2026/2027, para cal que solicita a compatibilidade, non se aprecia colisión de horarios entre ambas actividades.

Esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, en uso da competencia delegada polo conselleiro de Facenda en virtude da Orde do 8 de xaneiro de 2020 (DOG nº 16, do 24/01/2020), no seu artigo 3.d), resolve **AUTORIZAR** a compatibilidade solicitada, en virtude do disposto nos artigos 4.1 e 16.3 da Lei 53/1984 en relación cos artigos 3.1 e 15.2 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sempre que non exista incompatibilidade horaria e se respecten os límites retributivos establecidos polo artigo 7 da mesma Lei, e se condiciona ao estrito cumprimento dos horarios en ambas actividades. Así, deberá desempeñar o horario de titorización da materia "*Seminarios Formativos*" na Universidade de Santiago de Compostela tamén polas tardes, fóra do seu horario na Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, en Santiago de Compostela .

A presente autorización de compatibilidade queda sen efecto no caso de cambio en calquera das circunstancias que a permitiron e, en todo caso, na data de finalización do contrato coa Universidade de Santiago de Compostela ou na data de finalización do curso académico 2026/2027.

Os servizos prestados como profesor asociado non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa pode interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou directamente o recurso contencioso-

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TpNTdm3Dz4l4 https://sede.xunta.gal/cve

administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación perante, a elección do demandante, o Xulgado do Contencioso-administrativo da circunscrición na que teña aquel o seu enderezo ou o de Santiago de Compostela, conforme aos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Nuria Aguilar Vázquez
Directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 02/09/2026 11:25:39

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: TpNTdm3Dz4I4 https://sede.xunta.gal/cve

Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica